

Falar de Bos Aires como a cidade galega máis grande do mundo non é para nada un tópico. Segundo as propias estatísticas argentinas, recollidas polo prof. Ruy Pañás, máis do 17 % do conxunto de emigrantes europeos chegados ás ribeiras do Prata entre 1857 e 1930 pertencían ao colectivo galego. Un total de 2.070.874 españois emigraron nese período de tempo á Arxentina; un 55% deles naceran en Galicia. Xa que logo, a cifra de 600.000 concidadáns radicados na república pratese non é para nada desproporcionada. "Colectividade étnica sen Estado, a galega, pero dotada dunha identidade e dunha cultura fortemente diferenciadas, en palabras do prof. Ruy -o protagonismo imaxinario popular e a súa presenza pública na sociedade porteña actual dificilmente poden ser discutidos".

E, efectivamente, e tal e como apunta María Rosa Lojo na súa obra *Os galegos na literatura argentina* (2007), a presenza dos nosos concidadáns nas letras da outra beira do Atlántico é temperá; de feito, ten inicio nas novelas e memorias do século XIX. Destácase nelas, entón, a existencia dunha imaxe predominante dos galegos e que vén unir a un determinado rol laboral certos perfís estereotípicos de carácter e formación: trátase da figura do "criado fiel"; unha figura, ás veces, grotesca e cuxas torpezas o empregador debe "aturar" con resignación. Porén, aínda así, a "fidelidade" non se pon nunca en dúbida. Un exemplo desta liña vén conformado por Gumerindo García, quen, de modesto "mucama" chega a converterse no home de confianza e amigo íntimo do presidente da república, Julio A. Roca, na novelesca biografía escrita por Félix Luna e titulada *Soy Roca*. A honradez, intelixencia e sensibilidade do emigrante galego fanno apto para as máis intimas confidencias persoais.

Certo candor relacionado coa educación pobre, coa simplicidade e, en ocasións, apenas coa boa disposición, marcan tamén a figura do "galego" noutro dos rolos máis comúns que asume na narrativa argentina: "pulpeiro", na novela do século XIX e tamén na narrativa rural do século XX; isto é, dono de bares, cafés, almacéns... Noutras obras desas dúas centurias, e mesmo entrando xa neste novo milenio, conforman e confirman as imaxes do "criado fiel" e o "honrado" (xeralmente inxenuo) traballador (un pequeno comerciante, vendedor ambulante, hostaleiro, administrador, etc.), tal e como aparece, entre outras, na novela *Diario de la guerra del cerdo*, de Adolfo Bioy Casares. Mais este "traballador honrado", sen deixar de ser basicamente, pode ser cuestionado ás veces en tanto formador da clase media argentina (xunto cos italianos) polo seu excesivo conformismo e mais a submisión a autoridade; a súa renuncia a mesturarse na política, a curtidade de miras e unha busca prioritaria da seguridade económica; algo que xorde plenamente na novela de Julio Cortázar, *Los premios*, mediante o personaxe de Calo Pomíño. Un Cortázar que presenta -en *La escuela de la noche*- aos porteños galegos que se prestan a traballar para a escola de torturadores. En fin, novamente vén ser o autor de *Rayuela* quen, no conto titulado "El móvil", describe as mozas galegas como criadas cun forte atractivo sexual que as converte, xa que logo, en

Cantiga do Prata

A imaxe do galego nas letras argentinas

CIPRIANO LUÍS JIMÉNEZ CASAS

obxectos do desexo.

A imaxe positiva do galego residente -como militar durante as invasións inglesas- queda reflectida mentres nas obras de Manuel Gálvez: *La muerte en las calles* e *Tiempos de odio y angustia*. Da súa parte, Hernán M. Díaz, en *Historia de la Federación de Sociedades Gallegas* (Sotelo Blanco/Biblos, 2007) -que xira arredor da personalidade de Castela- chega a recoller un total de centro trinta microbiografías de toda unha serie de galegos destacados que residiron na Arxentina. Moitos deles non tiveron unha actividade destacada na FSG, caso de Rafael Dieste ou Lorenzo Varela; porén, outros moitos -Alonso Ríos, E. Blanco Amor, Arturo Cuadrado, Emilio Pita, Rodolfo Prada, Manuel Püente, Luís Seoane, Suárez Picallo, Valenzuela Otero...- foron figuras importantes na política, na cultura, literatura, xornalismo, pintura... mundo empresarial en Bos Aires.



MOSTRA: A OBRA DE JOSÉ DÁVILA NO MARCO / p. 113. III

ENTREVISTA CO CANTANTE E COMPOSITOR CARLOS BAU / p. 113. IV

TEATRO: "DOUTOR, POR FAVOR, MÁTEME" / p. 113. VIII